

LÍRICA PROFANA MEDIEVAL.

CANTIGAS AMOROSAS

Páx. 252

1.1. Mendinho

*Sedia-m'eu na ermida de San Simi3n
e cercaron-mi as ondas, que grandes son.
Eu atendend'o meu amigo. E verr3?*

*Estando na ermida ant'o altar
cercaron-mi as ondas grandes do mar.
Eu atendend'o meu amigo. E verr3?*

*E cercaron-mi as ondas, que grandes son:
non hei i barqueiro, nen remador.
Eu atendend'o meu amigo. E verr3?*

*E cercaron-mi as ondas do alto mar:
non ei barqueiro, nen sei remar.
Eu atendend'o meu amigo. E verr3?*

*Non hei i barqueiro, nen remador:
morrerei eu, fremosa, no mar maior.
Eu atendend'o meu amigo. E verr3?*

*Non hei i barqueiro, nen sei remar:
morrerei eu, fremosa, no alto mar.
Eu atendend'o meu amigo. E verr3?*

1.2. Don Dinís

*Nom chegou, madre, o meu amigo,
e hoj'est'o prazo saído!
Ai madre, moiro d'amor!*

*Nom chegou, madre o meu amado
e hoj'est'o prazo pasado!
Ai madre, moiro d'amor!*

*E hoj'est'o prazo saído!
Por que mentiu o desmentido?
Ai madre, moiro d'amor!*

*E hoj'est'o prazo pasado!
Por que mentiu o perjurado?
Ai madre, moiro d'amor!*

*Por que mentiu o desmentido
pesa-mi, pois per si é falido.
Ai madre, moiro d'amor!*

*Por que mentiu o perjurado
pesa-mi, pois mentiu a seu grado.
Ai madre, moiro d'amor!*

1. Analiza o contido destas cantigas, xustificando o xénero, indicando modalidade, personaxes, ambientación e temática.

A composición de Mendinho é unha cantiga de amigo, xa que a voz poética é a dunha doncela que se doe pola ausencia do seu amado e porque aparece no refrán a palabra amigo co significado de namorado, propio deste xénero.

Trátase dunha cantiga monologada na que fala unha doncela e explica as circunstancias en que se atopa e os seus sentimentos.

Os personaxes referidos son a doncela e o seu amigo.

Pertence ao subxénero das mariñas ou barcarolas pola súa ambientación.

O tema que trata é a separación dos namorados. O mar convértese nun símbolo desta separación. A doncela expresa a desesperación que lle produce a ausencia ou tardanza do seu amigo con expresións como: “*cercaron-mi as ondas, que grandes son*” ou “*morrerei eu, fremosa, no mar maior*”.

A composición de don Dinís é unha cantiga de amigo, xa que o eu poético é unha doncela que se dirixe á súa nai. A palabra amigo aparece no primeiro verso.

Estamos ante unha cantiga monologada, xa que non aparece recollida a voz da nai, como acontece noutras cantigas cuxos personaxes son a nai e a filla.

O outro personaxe que aparece referido é o amigo.

Non ten unha ambientación definida.

A temática que presenta é a desesperación da doncela ante a tardanza do seu namorado. Aparecen expresados reproches como “*mentiu o desmentido*” e “*mentiu o perjurado*”. Tamén podemos sinalar o tópico da morte por amor, recollido no refrán: “*Ai madre, moiro d'amor*”.

2. Fai unha análise da forma atendendo especialmente aos mecanismos de paralelismo e leixaprén.

a) A cantiga de Mendinho é unha cantiga de amigo que consta dun refrán, que se repite ao final de cada “cobra”, e seis estrofas alternas de dous versos dodecasílabos cada unha. O seu esquema é *aab*. Ten rima consoante en todas as “cobras”, agás na terceira (*son / remador*). Presenta, así mesmo, rima macho en todos os versos.

A cantiga presenta *leixaprén* (2º verso da estrofa I pasa a 1º verso da III; 2º da II estrofa pasa a 1º da IV, e así sucesivamente) e tamén paralelismo perfecto, quer dicir, sintáctico, semántico e léxico. Dentro deste último, achamos repeticións por sinónimos (*non hei i barqueiro nen remador*) e alteración da orde dos elementos (*mar maior / alto mar*).

b) A cantiga de don Dinís ten *leixaprén* (2º verso da estrofa I, e *hoj'est'o prazo saído*, pasa a ser 1º verso da estrofa III; 2º verso da estrofa II, e *hoj'est'o prazo pasado*, pasa a ser 1º da estrofa IV; e así sucesivamente). Tamén ten paralelismo sintáctico, semántico e léxico. Dentro deste último, achamos substitucións de palabras e frases por un sinónimo (*amigo/amado; saído/pasado; desmentido / perjurado; per si é falido / mentiu a seu grado*).